

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50 puntos**, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125 puntos**.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De acordo coa Lei xeral de sanidade, a quen corresponde a competencia para homologar os programas de formación posgraduada do persoal sanitario?**

- A) Ás Comunidades Autónomas.
- B) Ás Corporacións locais.
- C) Aos partidos políticos.
- D) Ao Estado.

**2. De acordo co Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, NON é un principio regulador do réxime disciplinario do persoal estatutario:**

- A) A proporcionalidade.
- B) A executividade.
- C) A eficacia.
- D) A tipicidade.

**3. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, cal dos seguintes será un dereito das persoas enfermas terminais?**

- A) O axeitado tratamento da dor e coidados paliativos.
- B) O rexeitamento de tratamentos de soporte vital que prolonguen sen necesidade o sufrimento.
- C) Decidir a presenza de persoas coas que manteñan vínculos familiares ou de feito nos procesos que requiran hospitalización.
- D) Todos os anteriores.

**4. De acordo coa Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, como fará constar o paciente a súa negativa ao tratamento?**

- A) Verbalmente.
- B) Mediante comparecencia persoal ante o servizo de atención ao paciente.
- C) Mediante comparecencia persoal ante un Xulgado ou Tribunal de xustiza.
- D) Por escrito.

**5. De acordo coa Constitución española, a quen corresponde o fomento da educación sanitaria, a educación física e o deporte?**

- A) Aos poderes públicos.
- B) Á Unión Europea.
- C) Aos partidos políticos.
- D) Aos sindicatos de traballadores.

**6. Como se denomina a parte integrante do Sistema Nacional de Saúde que exerce as súas competencias e funcións na Comunidade Autónoma de Galicia?**

- A) Servizo Galego de Saúde.
- B) Instituto Nacional da Saúde.
- C) Sistema Público de saúde de Galicia.
- D) Sistema sanitario de Galicia.

**7. De acordo co Estatuto de autonomía de Galicia, a quen corresponde esixir, de ser o caso, responsabilidade política á Xunta de Galicia?**

- A) Ao Tribunal superior de xustiza de Galicia.
- B) Ao Tribunal Supremo.
- C) Ás Cortes Xerais.
- D) Ao Parlamento de Galicia.

**8. De acordo co Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes NON é unha retribución do persoal estatutario?**

- A) Os sexenios.
- B) Os trienios.
- C) O complemento de destino.
- D) O complemento de atención continuada.

**9. De acordo coa Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cal dos seguintes é un dereito da traballadora vítima de violencia de xénero?**

- A) A mobilidade xeográfica.
- B) O cambio de centro de traballo.
- C) A extinción do contrato de traballo.
- D) Todos os anteriores.

**10. De acordo co Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cal será a puntuación máxima da fase de concurso nun concurso-oposición?**

- A) O 50% da puntuación máxima acadable.
- B) O 30% da puntuación máxima acadable.
- C) O 40% da puntuación máxima acadable.
- D) Non hai tope máximo ningún.

#### Preguntas de reserva

**1. De acordo coa Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, NON é un dereito dos cidadáns en materia de protección de datos:**

- A) O dereito de acceso.
- B) O dereito á interpretación do tratamento.
- C) O dereito á limitación do tratamento.
- D) O dereito de oposición.

**2. De acordo coa Lei xeral de sanidade, é un dereito dos usuarios do Sistema sanitario público:**

- A) A utilización de vías de reclamación e suxestións, en calquera prazo.
- B) A participación nas actividades sanitarias a través de institucións comunitarias.
- C) A xestión cooperativa das prestacións sanitarias.
- D) A obtención de prestacións económicas directas.